

# A necesidade de promover o uso da lingua galega no funcionamento da Administración de xustiza en Galicia. Reflexións persoais a partir de datos históricos e sociolingüísticos

Eduardo Porta Viú

Avogado

Colexiado 2007 do ICA Santiago

Recentemente estudei como alumno un curso de galego xurídico, Curso de especialización en linguaxe xurídica galega, organizado polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e coordinado e impartido polo lingüista do colexio, Martín Ramos Insua, a quen agradezo a súa valía e dedicación.

O citado curso servíume tanto para depurar parte dos erros léxicos e gramaticais que cometía habitualmente como para revisar o estilo e o formato dos meus escritos, apartándome do estilo formal e ás veces escuro e sinuoso frecuente na literatura xurídica tradicional.

Aprendín a conciliar os tecnicismos propios da nosa linguaxe xurídica cun estilo máis directo e breve, máis próximo á linguaxe común e máis propio dunha Administración de xustiza moderna, integrada por funcionarios públicos que prestan un servizo a cidadáns no ámbito dunha sociedade democrática e avanzada.

Non falarei neste artigo sobre gramática, redacción, estilo ou léxico, pois carezo de autoridade para pronunciarme sobre a relación entre os distintos signos de puntuación, o uso do pronome pleonástico de complemento indirecto, ou a derivación ou a composición como métodos de formación das palabras, por poñer tan só tres exemplos de cuestións tratadas no citado curso.

O obxectivo do presente artigo é facer unha reflexión persoal como avogado sobre a utilización do idioma galego na Administración de xustiza, tanto na linguaxe escrita coma na oral.

1. Destacarei, como punto de partida, os seguintes **datos de carácter histórico e sociolingüístico** postos de manifesto no devandito curso que acabo de recibir e que me resultaron significativos:
  - 1.1 O documento xurídico máis antigo escrito en idioma galego que coñecemos é o *Foro do Burgo de Castro Caldelas*, privilexio rodado dado polo rei Alfonso IX en Allariz no mes de abril de 1228.
  - 1.2 A partir da segunda metade do século XIII o galego consolídase como lingua instrumental das xestións administrativas dado o protagonismo do campesiñado na explotación agrícola das propiedades da nobreza e

dos mosteiros eclesiásticos.

O desexo de galeguizar a normativa xurídica leva a traducir ao galego as principais normas creadas durante o reinado de Alfonso X, entre elas, *As Partidas*, o *Forum Iudicum* e o *Foro Real*.

- 1.3 Durante os séculos XIV e XV a lingua galega acadou en Galicia protagonismo e preferencia fronte ao castelán nos diversos ámbitos da vida: a administrativa, a económica, a da administración de xustiza, a relixiosa, a técnica e científica, así como a literaria.

Concellos, gremios, confrarías, igrexas, catedrais e mosteiros utilizaron habitual e preferentemente o galego nas dimensións oral e escrita.

Como exemplo do anterior pódese citar o *Libro do Concello de Santiago de Compostela*, compilación de 326 escritos realizados entre os anos 1416 e 1422 (xuramentos de alcaldes, xuíces, pregóns e ordenanzas do concello, entre outros documentos) dos que 308 están escritos en galego e tan só 18 en castelán.

- 1.4 O Ordenamento do Gremio dos Cambeadores de Santiago, redactado no ano 1490, regula, entre outras cuestións, o uso institucional do galego e do castelán.
- 1.5 A partir da segunda metade do século XV Galicia como territorio —e o galego como o seu idioma propio e preferente— entran en clara decadencia ao resultar aquela vencida nas disputas dinásticas da época, aparecendo no ano 1480 as primeiras normas que supeditan a lingua galega á lingua castelá.

Galicia e o idioma galego entrarían nos chamados séculos escuros (séculos XVI a XVIII) nos que tanto o antigo Reino de Galicia (nos ámbitos económico, industrial, técnico ou científico) como a lingua galega (en tanto que instrumento de comunicación no territorio de Galicia) perderían todo protagonismo e importancia, no caso da lingua galega en favor do castelán e do portugués, conservándose, iso si, a través da transmisión oral, na lírica popular en cantigas de cego, contos, lendas, romances, refraneiros...

Deste xeito, mentres a lingua castelá atravesaría o chamado século de ouro, a lingua galega quedaría

completamente á marxe do Renacemento e do Barroco, quedando practicamente extinguida como lingua culta.

Será a partir do século XVIII cando xurdan as voces do chamados Ilustrados (Padre Sarmiento, Padre Feijoo, Padre Sobreira, entre eles) que, dunha banda, denunciaban o atraso e falta de desenvolvemento de Galicia facendo propostas de renovación (xurdirían así diversos organismos como Sociedades Económicas de Amigos do País ou a Academia de Agricultura do Reino de Galicia) para recuperar solvencia nos eidos económico, científico e cultural e, doutra banda, propoñían a volta á normalización da lingua galega na ensinanza, na administración e na propia igrexa.

1.6 No momento actual indicánnos o Observatorio da Cultura Galega e o Instituto Galego de Estatística os seguintes datos que destaco polo seu interese:

1.6.1 Entre os 25 e 35 anos atópase a xeración máis castelanizada da nosa historia, e entre os 30 e 40 anos a que en maior medida é monolingüe en castelán. Porén, os datos indican que os menores de 25 anos devólvennos as expectativas de recuperar o uso do galego e de reducir o nivel de monolingüismo en castelán.

1.6.2 No ano 2008 o 56,4 % da poboación falaba maioritariamente en galego. Cando se dirixen ás distintas administracións, tamén se expresan na nosa lingua, sempre ou case sempre, máis da metade (51,8 %) das galegas e dos galegos.

1.6.3 Segundo estudos realizados en setembro de 2010, a disposición maioritaria da cidadanía galega é favorable a un aumento do uso do galego en todos os ámbitos avaliados polo estudo de actitudes do citado Observatorio da Cultura Galega. No ámbito xudicial, así como nas notaría, rexistros da propiedade e avogacía, un 55 % da poboación demanda unha maior presenza da nosa lingua, en consonancia co que reclaman para os ámbitos públicos en xeral.

1.6.4 O castelán é a lingua empregada maioritariamente nas comunicacións externas das salas do TSXG e das seccións das audiencias provinciais. Na atención presencial e telefónica o seu uso chega ao 68,2 %. Nas mensaxes de correo electrónico a presenza do galego non chega nin ao 20 %. Nos escritos a usuarios, institucións ou provedores, a situación é peor, dado que os datos indicánnos que só o 13,8 % se emiten na nosa lingua.

1.6.5 No ano 2007 nas comunicacións escritas de carácter interno producidas nas salas do TSXG e nas seccións das audiencias provinciais, o emprego do galego é moi reducido, en especial nas aplicacións informáticas, nas que apenas chega ao 4 %. Nos demais elementos considerados polo Observatorio da Lingua Galega, só se supera minimamente o 20 % nos formularios impresos e na memoria anual.

1.6.6 No ano 2007, no ámbito da Administración de xustiza, o galego empregábase nas comunicacións

orais entre subalternos nun 37,3 % mentres que o seu uso diminúe moito entre o persoal técnico e o administrativo. As persoas que menos o utilizan son as que teñen un cargo máis elevado dentro das salas e seccións: xuíces/as, letrados/as, fiscais e secretarios/as.

2. A partir do anterior farei as seguintes **reflexións**:

2.1 Chama a atención e resulta difícilmente explicable que nunha sociedade maioritariamente galegofalante o uso da lingua na escrita se reduza tan sensiblemente, ata o punto de alcanzar cotas practicamente simbólicas no ámbito da Administración de xustiza.

A esta conclusión non chego só a partir dos datos estatísticos reflectidos no presente artigo, senón tamén a partir da miña propia experiencia académica e laboral, tendo en conta que o uso do galego era claramente minoritario tanto na miña etapa de universitario na facultade de dereito de Santiago de Compostela como nos anos de exercicio profesional do dereito como avogado. A miña perspectiva é a de que o galego se fala máis entre a cidadanía, especialmente nos ámbitos rural e costeiro, coa excepción das vilas e cidades grandes, e fálase e, sobre todo, escríbese moito menos entre os profesionais xurídicos, especialmente os de maior rango ou cualificación.

Poucas veces (algunha si) detectei rexeitamento do uso do galego entre profesionais do dereito e poucas veces (tamén con algunhas excepcións) entre os clientes. No meu caso adoito utilizar por defecto o galego, tanto na fala como na escrita, e unicamente cando percibo dificultades de entendemento ou que o cliente ou interlocutor se atopan máis cómodos utilizando o castelán, cambio de idioma.

Fágoo así na convicción de que a maior parte da xente que vive en Galicia entende perfectamente o galego. E fágoo con flexibilidade, dado que considero importante que os meus clientes ou interlocutores (incluíndo aquí a xuíces/as, funcionarios/as ou avogados/as, entre outros) se atopen cómodos á hora de proporcionar ou recibir información sobre a situación xurídica na que se atopen ou que se debata ou xulgue.

2.2 Non existe, na miña opinión, un problema de desprotección xurídica do galego, senón de falsa conciencia de que o galego non é un idioma útil para esferas cultas, técnicas ou científicas, como, no noso caso, a xurídica.

Dende o punto de vista legal e normativo, entendo que a utilización do idioma galego en todas as ordes da vida está suficientemente protexida (quizais non tanto, promocionada) en diversos textos legais, como son a Constitución española (artigos 3 e 148.1.17), Estatuto de autonomía de Galicia (artigos 5 e 27), Lei de normalización lingüística de Galicia, Lei orgánica do poder xudicial (artigos 231, 341 e 471, entre outros), Lei de axuízamento civil (artigos 142, 144), Lei do dereito civil de Galicia (art. 183.2), Código penal (art. 314), Decreto polo que regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia,

Decreto que regula as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Lei de demarcación e planta xudicial (artigo 32.5), Lei reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal (art. 64), Convenio marco entre a Xunta de Galicia e a Fiscalía Xeral do Estado ou Carta dos dereitos dos cidadáns ante a Xustiza; por citar algúns exemplos de textos nos que se reconece e garante a diversidade lingüística.

Acreditado que o marco normativo garante o uso do galego no ámbito da Administración de Xustiza, que a maioría da cidadanía en Galicia fala habitualmente e se dirixe ás administracións públicas en lingua galega e que na Administración de xustiza, especialmente nos postos de traballo de maior rango ou cualificación, a utilización do galego é minoritaria, cabe concluír que existe unha conciencia ou concepción pexorativa do idioma galego por parte dos operadores xurídicos, entendendo o idioma galego como non suficientemente idóneo para o seu uso no tráfico xurídico.

Tal conclusión é, non só contraria aos antecedentes históricos antes apuntados, senón tamén arbitraria e absurda, pois o galego, ao igual que o portugués (tanto en Portugal coma no Brasil) co que garda especial relación de familiaridade, é lingua perfectamente idónea para a comunicación xurídica ou, en xeral, técnica.

Semella persistir, por tanto, unha concepción lingüística arcaica na que a utilización do castelán prevalece fronte á do noso específico e propio idioma galego. Tal concepción unicamente pode superarse no ámbito da Administración de xustiza se nós, os operadores xurídicos galegos, xuíces/as e maxistrados/as, letrados/as da Administración de xustiza, fiscais, funcionarios/as da Administración de xustiza, notarios/as, rexistradores/as, avogados/as, procuradores/as..., somos coherentes e lle damos ao galego escrito na tramitación dos procedementos legais o mesmo protagonismo que lle damos ao galego na comunicación oral, especialmente cando as partes que toman a iniciativa (demandantes en procesos xudiciais, solicitantes ou interesados en procedementos administrativos, usuarios de servizos notariais ou rexistrais etc.) comezan tales tramitacións en lingua galega.

Para o cumprimento do anterior obxectivo resulta indispensable introducir a lingua galega na docencia

das propias facultades de dereito, na literatura xurídica e nos programas informáticos e formularios utilizados por funcionarios e operadores xurídicos galegos. Tamén resultan de importancia e utilidade os cursos de galego xurídico.

Deste xeito resultará habitual e familiar o uso do galego xurídico e erradicarase a falsa concepción da inadecuación do galego para o seu uso forense.

2.3 Finalmente, sen perder de vista que a función primordial dun idioma non é outra que a de permitir a comunicación entre as persoas, e respectando sempre a liberdade individual das persoas a utilizaren o galego ou o castelán ou calquera outra lingua que lles resulte útil ou satisfactoria, creo que existen diversos motivos para incrementar o uso do idioma galego da Administración de xustiza galega, como son:

2.3.1 Permitir, por motivos de coherencia, que os galegofalantes de nacemento continúen utilizando no ámbito xurídico a súa primeira lingua na que, por lóxica, deberán expresarse mellor, pois é a lingua na que se pensa e na que se vive.

2.3.2 Permitir que por motivos de defensa do patrimonio cultural e lingüístico o idioma galego continúe en vigor no ámbito xurídico, ao igual que o fai no resto dos ámbitos da sociedade galega.

2.3.3 Combater ese falso prexuízo relativo á inferioridade do idioma galego (que implica, inevitablemente, unha consideración tamén inferior das persoas que o utilizan) e promocionar, dende a nosa posición de persoas con formación técnica que desenvolvemos unha función social relevante como a de integrar a Administración de xustiza, o uso do idioma galego para dignificar tanto a nosa lingua como as persoas que a utilizan, especialmente as máis vulnerables.

2.3.4 Adecuar a resposta e funcionamento da Administración de xustiza en Galicia á propia sociedade galega, pois se a maioría da poboación fala e se dirixe ás administracións en xeral e á de Xustiza en particular en idioma galego, como en efecto ocorre, resulta lóxico, coherente e incluso legalmente esixible que a resposta e o funcionamento da Administración se produzan tamén en galego.

As disposicións na lei son... últimas ou derradeiras?

Toma nota!

O galego posúe unha palabra que nos permite concretar o significado xeral de *último/a*. Así, podemos usar a forma *derradeiro/a* para referirnos de forma máis precisa a aquilo 'que remata definitivamente unha serie'. Esa é a solución acollida para nomear un tipo de disposicións das que pechan os textos normativos.

"Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*."

(Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

—DOG núm. 26, do 09.02.2021)